



12 de maio de 2023

Ante a preocupante situación do persoal de BBVA afectado pola evolución dos tipos de xuro, o pasado día 11 de maio, mantivemos unha xuntanza coa empresa na que, froito do consenso da totalidade da Representación Legal das Persoas Traballadoras en BBVA, démoslles traslado das seguintes propostas:

- **Establecer un teito máximo do 1,50%** para todos os préstamos de empregados/as con destino primeira e segunda vivenda, durante un prazo de 24 meses.
- Posibilidade de facer **cancelacións anticipadas con redución de cota** nos préstamos sociais con destino vivenda (até agora só era posíbel reducir prazo).
- Posibilidade de **ampliar o prazo dos préstamos sociais** até os 67 anos e dos comerciais até os 75 anos.
- **Recálculo das primas de seguro de vida** nos casos de amortizacións anticipadas.

Téndolles facilitado argumentos de peso para que estas propostas sexan aceptadas.

Outras entidades financeiras xa puxeron en marcha accións para paliar o impacto dos tipos de xuro ao seu persoal.

Emprazámonos a unha nova xuntanza o vindeiro día 30 de maio.

BBVA non pode quedar atrás.